

BASES REGULADORAS DA REDE DE EXCELENCIA NO CAMIÑO INGLÉS “STELAR”

Contido

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. O promotor: A Asociación de Concellos do Camiño Inglés.....	1
1.2. Contexto.....	2
1.3. Obxectivo das bases reguladoras.....	2
2. A REDE DE EXCELENCIA NO CAMIÑO INGLÉS “STELAR”	3
2.1. Presentación e obxectivos da rede.....	3
2.2. Beneficios de pertenza á Rede de Excelencia no Camiño Inglés Stelar”:	3
2.3. Ámbito territorial de actuación.....	4
2.4. Tipoloxía de establecementos potencialmente pertencentes á rede e requisitos previos de adhesión.....	4
2.5. Requisitos de pertenza á Rede de Excelencia no Camiño Inglés Stelar”:	5
2.6. Proceso de adhesión á Rede de Excelencia no Camiño Inglés “Stelar”	5
2.6.1. Solicitud de adhesión:.....	5
2.6.2. Confirmación de cumprimento de requisitos previos.....	6
2.6.3. Realización dunha visita de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos de pertenza. Requisitos obrigatorios e de mellora.....	6
2.6.4. Realización dunha visita de seguimento na concesión condicionada.....	6
2.6.5. Seguimento da pertenza á rede e obriga dos membros a participar nas formacións e actividades de promoción impulsadas pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés....	7
2.7. Causas de baixas da rede.....	7
2.8. O carácter evolutivo das bases reguladoras e a aposta pola mellora continua.....	8
3. IMAXE DE MARCA: USO E SOPORTES DE PROMOCIÓN.....	8
3.1. A marca e o seu uso autorizado:.....	8
3.1.1 Placa distintiva para o exterior do establecemento	9
3.2. Imaxe de marca tras producir baixa na Rede Stelar:	9

1. INTRODUCCIÓN

1.1. O promotor: A Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

A Asociación de Concellos do Camiño Inglés é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo fundamental contribuír á promoción do Camiño Inglés e os seus valores, así coma velar pola experiencia do peregrino.

Os seus membros son os concellos polos que pasa o Camiño Inglés nas vertentes da Coruña e Ferrol: A Coruña, Abegondo, Betanzos, Cabanas, Carral, Fene, Ferrol, Mesía, Miño, Narón, Neda, Ordes, Oroso, Paderne, Pontedeume e Santiago de Compostela.

A Asociación persegue os seguintes obxectivos específicos:

- Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial.
- Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico artístico do Camiño Inglés.
- Planificar e desenvolver iniciativas que favorezan o desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
- Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo itinerario xacobeo do Camiño Inglés.
- Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada
- Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios e acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago

1.2. Contexto.

A Asociación de Concellos do Camiño Inglés leva desde a súa constitución velando pola posta en valor e pola promoción do Camiño Inglés, tanto a nivel autonómico coma nacional e internacional; intentando mellorar a experiencia do peregrino, apoiando a divulgar os seus valores tanto materiais coma inmateriais, e achegando o Camiño tanto ao público xeral coma ao público especializado e estudosos de este.

A Asociación é sabedora da importancia da cooperación público – privada nas políticas e iniciativas que impactan directamente no desenvolvemento social, económico e ambiental de calquera territorio, así como a necesidade de implicar aos axentes locais nas iniciativas postas en marcha desde as diferentes administracións.

Ademais, a Asociación coñece e valora o papel tan relevante e fundamental que teñen aqueles establecementos a pé do Camiño que atenden diariamente aos peregrinos á súa chegada. Non soamente lles ofrecen un lugar onde descansar e repoñer forzas, senón que forman parte ineludible da súa experiencia realizando o Camiño, achegando valores coma hospitalidade, familiaridade, ensinanza, compañía, folgos, ou, incluso, amizade.

Por tanto, a Asociación promove a creación e posta en marcha dunha rede que una a diferentes establecementos que estean situados no trazado do Camiño Inglés, cun compromiso especial por colaborar e mellorar para facer que a experiencia do peregrino sexa extraordinaria ao longo de todo o seu percorrido.

1.3. Obxectivo das bases reguladoras.

As presentes bases reguladoras, de carácter formal e dinámico, xa que serán periodicamente revisadas e melloradas, teñen coma principal propósito establecer os obxectivos da rede e os procedementos de adhesión e pertenza á mesma, así coma os requisitos mínimos que deberán cumprir e/ou mellorar os seus membros.

2. A REDE DE EXCELENCIA NO CAMIÑO INGLÉS “STELAR”.

2.1. Presentación e obxectivos da rede.

A Rede de Excelencia no Camiño Inglés “Stelar”, é un conxunto de establecementos de diferentes tipoloxías, que, cumprindo cunha serie de requisitos relacionados coa calidade, atención ao peregrino e a sostibilidade, traballan de xeito continuado e colaborativo para acadar a excelencia na experiencia do peregrino ao longo de todo o Camiño Inglés e para apoiar á preservación e divulgación dos seus auténticos valores, tanto dos materiais coma tamén dos inmateriais.

Os seus principais obxectivos son, por tanto:

- Actuar de xeito colaborativo con outros establecementos do trazado do Camiño Inglés e as administracións locais, xerando un sentido de pertenza e cohesión ao territorio para o desenvolvemento turístico.
- Implantar a filosofía da mellora continua ata acadar a excelencia na xestión dos establecementos, creando una imaxe de marca e posicionándoa no mercado.
- Impulsar a calidade e a excelencia na experiencia do peregrino ao longo de todo o trazado do Camiño Inglés.
- Poñer en valor, empregar e promover o uso e consumo dos produtos agroalimentarios e pesqueiros locais favorecendo a economía de proximidade.
- Contribuír á promoción e divulgación do Camiño Inglés, así coma dous seus valores históricos, culturais e naturais.
- Fomentar un turismo sostible no ámbito social, económico e medioambiental.
- Premiar e recoñecer as boas prácticas relacionadas coa sostibilidade, a calidade e a atención ao peregrino, entre outras.

2.2. Beneficios de pertenza á Rede de Excelencia no Camiño Inglés Stelar”:

Os establecementos que pertencen á rede, contarán cos seguintes beneficios:

- Contar cun servizo de asesoría turística para a mellora integral das empresas.
- Apertura de novas canles de captación de clientes.
- Diferenciarse doutros establecementos similares en termos de calidade, atención ao peregrino e sostibilidade.
- Credibilidade e garantía para os peregrinos.
- Promoción de xeito preferente pola Asociación dos Concellos do Camiño Inglés, a nivel autonómico, nacional e internacional.
- Redución do impacto ambiental, participar na economía circular do territorio e acadar unha maior eficiencia enerxética.
- Participar gratuitamente nas actividades de capacitación e formación e tamén en foros e xornadas promovidas pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés, que repercutirán na mellora da competitividade e calidade das empresas.

2.3. Ámbito territorial de actuación.

A rede estará conformada por establecementos localizados a pé do trazado do Camiño Inglés, tanto en territorio galego coma no Reino Unido e Irlanda.

En termos xerais, enténdese “a pé do trazado do Camiño” a unha distancia non superior aos 250 metros do Camiño, exceptuando os seguintes casos:

Nos casos de que o trazado do Camiño transcorra por un “centro histórico” de tipo 1 e 2, a distancia ampliarase á totalidade da área delimitada polo propio centro histórico, definida perfectamente nos plans de urbanismo para a protección do patrimonio vixentes do concello ao que pertenza

- Áreas con declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) na modalidade de «conxuntos históricos», excepto monumentos ou xacementos arqueolóxicos singulares sen sentido de agrupación urbana.
- Áreas con declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) noutras modalidades distintas de «conxuntos históricos» pero con sentido de agrupación urbana encaixable na actual definición de centro histórico.

Segundo este criterio e a orde que o regula, son considerados actualmente “centros históricos” polos que pasa o Camiño Inglés os seguintes: centro histórico de Betanzos, centro histórico da Coruña (Cidade Vella e Pescadería), barrio da Magdalena de Ferrol e barrio de Ferrol Vello, conxunto histórico de Neda, casco histórico de Pontedeume e centro histórico de Santiago de Compostela.

En todos os casos, poderase ampliar a distancia sempre e cando os establecementos ofrezan servizo de *traslado* aos peregrinos, de xeito que os trasladen antes e despois de consumir o servizo no seu establecemento, e así o comuniquen nas súas canles oficiais de promoción físicas e dixitais.

2.4. Tipoloxía de establecementos potencialmente pertencentes á rede e requisitos previos de adhesión.

A primeira fase de constitución da rede foi unicamente de ámbito galego e nela podían formar

parte establecementos de aloxamento (casas de turismo rural, hoteis, pensións e albergues de peregrinos) e restauración (restaurantes e cafeterías con servizos de almorzo, comidas e/ou ceas)

Independentemente do tipo de establecemento, estes debían:

- atender habitualmente a peregrinos,
- estar localizados no ámbito territorial de actuación, descrito no apartado 2.3.
- estar dados de alta tanto do REAT (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia), como no IAE no epígrafe correspondente

- non presentar débedas coa Seguridade Social, a Agencia Tributaria nin ATRIGA.

Nesta segunda fase, que comeza a inicios de 2025, s requisitos previos para as empresas de restauración e aloxamento en territorio galego o serán os mesmos da primeira fase.

Nesta nova fase, a adhesión ábrese tamén a outro tipo de empresas, entidades e asociacións que sen ser propiamente de aloxamento ou restauración si teñen ao peregrino como un dos seus clientes e/ou usuarios habituais. Os requisitos previos dependerán da tipoloxía de entidade solicitante sendo obrigatorio estar localizados dentro do ámbito territorial de actuación.

Ademais, poderanse incorporar establecementos situados no estranxeiro, tales coma empresas, entidades e/ou asociacións situadas no Reino Unido e Irlanda. Para estes establecementos as condicións serán similares as galegas, solicitándoseles a documentación equivalente ao dos seus países de orixe.

2.5. Requisitos de pertenza á Rede de Excelencia no Camiño Inglés Stelar”:

Os requisitos de pertenza a rede veñen especificados no anexo I das bases da Rede Stelar. Estes farán referencia principalmente aos tres eixos que son os que inflúen directamente na experiencia do peregrino e nos demais obxectivos da rede, e son:

- Eixo 1: Calidade dos establecementos
- Eixo 2: Excelencia na atención ao peregrino
- Eixo 3: Sostibilidade e compromiso ambiental

2.6. Proceso de adhesión á Rede de Excelencia no Camiño Inglés “Stelar”

O proceso de adhesión á rede “Stelar”, conta de **5 fases**:

- Solicitud de adhesión.
- Envío da documentación solicitada polo técnico da Asociación.
- Realización dunha visita de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos obrigatorios e de mellora.
- Aceptación da solicitude, aceptación condicionada a un plan de mellora ou denegación da admisión.
- Seguimento da pertenza.

2.6.1. Solicitud de adhesión:

As empresas que, cumprindo cos requisitos previos referidos nos apartados 2.3. e 2.4., e que teñan interese en adherirse, terán que seguir os seguintes pasos:

- Cumprimentar o formulario que figura na nosa páxina web [Adhesión Rede Stelar - Camino Inglés](#)
- Unha vez recibida a solicitude o persoal técnico contactará para solicitar a documentación obrigatoria que deberá ser enviada ao correo-e redestelar@caminoingles.gal.

2.6.2. Confirmación de cumprimento de requisitos previos.

Un técnico da asociación estudará documentación e comprobará o cumprimento dos requisitos previos.

No caso de que a análise sexa de conformidade, trasladarase por correo electrónico a aceptación da pre-solicitud e programarase unha visita *in situ* para a comprobación do grao de cumprimento dos requisitos de pertenza á rede, os denominados obrigatorios e de mellora no Anexo I.

No caso de que a análise non sexa de conformidade, ben por problemas na documentación ou ben polo non cumprimento dos requisitos previos, trasladarase por correo electrónico a non aceptación da solicitud coa correspondente xustificación. No caso de ter solución, comunicaranse as medidas correctivas ata formalizar correctamente a solicitud. Unha vez arranxado o erro, programarase unha nova visita para a comprobación do grao de cumprimento dos requisitos de pertenza á rede.

2.6.3. Realización dunha visita de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos de pertenza. Requisitos obrigatorios e de mellora.

A Asociación, ou a persoa/empresa en quen delegue, realizará unha visita *in situ* ao establecemento solicitante, e co apoio dun formulario comprobará si cumpre cos requisitos de pertenza, tanto os obrigatorios como os de mellora.

Como resultado da visita, a Asociación quedará co formulario para o seu arquivo e seguimento.

O técnico da asociación elaborará unha diagnose que poderá ser:

- de aceptación
- de aceptación condicionada a un Plan de Mellora que deberá cumprir nos seguintes 12 meses de forma obrigatoria.
- de denegación, en caso desfavorable.

2.6.4. Realización dunha visita de seguimento na concesión condicionada.

Transcorridos os 12 meses tras a entrega do Plan de Mellora e da concesión condicionada da marca, a Asociación ou persoa/empresa en quen delegue, programará unha segunda visita ao establecemento, na que se realizará a comprobación da implantación das accións contempladas no seu correspondente plan.

No caso de que se obteñan evidencias de cumprimento do 100% dos requisitos obrigatorios, a Asociación procederá ao envío formal da concesión definitiva da adhesión á rede.

No caso de que o establecemento non conte co 100% dos requisitos obrigatorios por causas xustificadas, este poderá solicitar formalmente unha prórroga de ata 6 meses co fin de implantar as medidas pertinentes. Esta solicitude de prórroga será estudada pola Asociación, e a súa resolución será informada a través de correo electrónico.

No caso de que a Asociación non conceda a prórroga, o establecemento perderá a súa concesión condicionada e será eliminada como membro da rede.

No caso de que a Asociación conceda a prórroga, tras os 6 meses, programárase novamente unha visita de comprobación de cumprimento.

2.6.5. Seguimento da pertenza á rede e obriga dos membros a participar nas formacións e actividades de promoción impulsadas pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

Ademais do cumprimento dos requisitos obrigatorios para a adhesión á rede, todos os membros tanto con concesión condicionada coma con concesión definitiva, terán unha participación non inferior ao 75% das actividades promovidas pola Asociación relacionadas ben co apoio á mellora da competitividade das empresas adheridas (cursos de formación, foros, xornadas, visitas de asesoramento individuais e asistencia técnicas grupais, etc.), ou ben coa promoción do Camiño Inglés (colaboración para a organización de eventos, xornadas, viaxes de familiarización, recepcións, publicacións específicas nas canles de promoción, etc.). A Asociación comprométese a realizar estas actividades en horarios compatibles coas actividades profesionais das empresas.

A renovación da concesión ten carácter anual. As empresas coa concesión definitiva de adhesión, terán unha visita cada 12 meses para facer seguimento dos requisitos obrigatorios e das medidas de mellora, tanto recollidas no Plan de Mellora coma outras detectadas con posterioridade. De cada unha destas visitas, obterase un informe de cumprimento e concederase a continuidade na marca durante os seguintes 12 meses. Os establecementos, cada 12 meses, terán que facer entrega da documentación indicada no modelo de solicitude, garantindo así que continúan legalmente dados de alta na Administración e que non teñen débedas pendentes con esta.

No caso de que na visita de seguimento se observen incumprimentos, ofreceráselle ao establecemento un prazo de 6 meses para resolvelo, seguindo o mesmo procedemento recollido nestas bases.

2.7. Causas de baixas da rede.

A decisión de darse de baixa da rede pode darse tanto por parte da Asociación coma por parte do establecemento.

O establecemento que desexe darse de baixa, terá que comunicalo formalmente á Asociación a través do formulario “Solicitude de baixa voluntaria” (Anexo III).

As causas polas que a Asociación pode dar de baixa a un establecemento son:

- Incumprimento dos requisitos obrigatorios tras a finalización dos prazos recollidos nas bases reguladoras e/ou ausencia de medidas implantadas de mellora continua tal e como se recolle tamén nas bases reguladoras.
- Ausencia de medidas implantadas de mellora continua tal e como se recolle nas bases reguladoras.
- Comportamento inadecuado e/ou malas prácticas profesionais.
- Falta de renovación da documentación requirida nas bases reguladoras.
- Falta recorrente de participación nas actividades promovidas pola asociación, especialmente nas de formación e promoción, de modo que a participación sexa inferior ao 75%.

2.8. O carácter evolutivo das bases reguladoras e a aposta pola mellora continua.

As bases reguladoras da rede serán dinámicas e de constante evolución procurando sempre unha maior aposta pola mellora continua na rede. Isto implica que os requisitos poden modificarse e/ou ampliarse, adaptándose á realidade cambiante do contexto social no que nos atopamos.

3. IMAXE DE MARCA: USO E SOPORTES DE PROMOCIÓN.

3.1. A marca e o seu uso autorizado:

A continuación, móstrase a imaxe de marca creada unicamente para representar á devandita rede establecida no manual de Identidade Corporativa da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

O seu uso queda restrinxido á Asociación de Concellos do Camiño Inglés, e aos establecementos membros da rede que recibisen ben a concesión condicionada ou ben



a concesión definitiva e que non foran dados de baixa nin voluntariamente nin por resolución da Asociación.

Tanto a Asociación coma os establecementos adheridos á rede, poderán empregar a imaxe nos seus elementos ou soportes promocionais, físicos ou dixitais, sempre e cando se respecte o Manual de Identidade Corporativa.

Todos os elementos de promoción creados para apoiar á promoción da rede e os seus membros, deberán ter a imaxe de marca da rede.

3.1.1 Placa distintiva para o exterior do establecemento

Trátase dunha placa tamaño 29,7 x 21 cm de metacrilato branco/transparente. A súa colocación no exterior do establecemento é obrigatoria como identificación indubidable da pertenza á Rede e o cumprimento dos seus requisitos, o que outorga confianza aos peregrinos.

A súa colocación pode facerse mediante fixación con parafusos, que serán provistos pola organización xunto cos embelecadores, ou mediante outro tipo de adhesivos.



3.2. Imaxe de marca tras producir baixa na Rede Stelar:

Naqueles casos onde o establecemento cause baixa por motivos como os que se fan referencia no punto 2.7, a empresa deberá retirar todas as imaxes de marca corporativa que figure tanto no establecemento de forma física como na comunidade virtual.

Así mesmo, deberá devolver a placa distintiva ao técnico encargado da xestión da Rede Stelar da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

Firma o representante do establecemento, recoñecendo que ten coñecemento das bases e desta maneira as acepta.

O Presidente da Asociación

Representante do establecemento